

## PEZA DO MES

xuño

2000



### TARROS DE BOTICA

ORZAS E ALBARELOS SON O ÚNICO TESTEMUÑO DO ESPLENDOR, XA AFASTADO, DAS BOTICAS MONÁSTICAS. OS SEUS ESCUDOS EN AZUL COBALTO DESTACAN SOBRE O BRANCO ESTAGNÍFERO DA LOUZA TALEVERANA DO SÉCULO XVIII.





## TARROS DE BOTICA

O Museo conserva unha interesante colección de cerámica de época moderna na que destacan, pola súa importancia documental, as orzas e albarellos da antiga botica de Montederramo, xunto á doutros mosteiros ourensáns.

As primeiras noticias que temos desta botica datan de finais do século XVIII. Con anterioridade sábese, por mandas testamentarias, da existencia dunha enfermería e, xunto a ela, supomos da existencia dunha pequena botica á que acudían monxes e labregos a coidar as súas doenzas. Dela encargábase o monxe especieiro, quen tiña por traballo recoller e seleccionar as plantas dos herbarios e montes próximos que, unha vez postas a secar ó sol, entraban a formar parte de infusións, xaropes e pocións. Entón a farmacia era unha rama máis da medicina e unha ciencia empírica. É contra finais do século XVIII cando empeza a funcionar como despacho público, con libro de contas independente, servi-

da por un monxe con título de boticario como dispuñan as ordenanzas dictadas por Carlos III en 1780. Sabemos, polos inventarios que as disposicións desamortizadoras mandaron facer en 1820, que a botica, como en case tódolos mosteiros, atopábase na portería, ocupando as dependencias baixas da zona norte do claustro da hospedería, e que as meniñas se despachában a través dunha pequena ventá enreixada para non perturba-la clausura; pero nada dice do seu contido. Poucos anos despois xa non debía de existir, se nos atemos á información que nos proporciona o segundo inventario que se fai no ano 1835 no que só se cita o lugar que ocupaba, sen entrar en máis detalles. Sen embargo, por inventarios doutros mosteiros, supomos que contería todo o necesario para o seu funcionamento, balanzas, redomas, caixonería, morteiros, orzas e albarellos, encargados nos alfares de Talavera, como demostran estas pezas.

As primeiras novas documentais que temos sobre esta louza datan de comezos do século XVI, acadando deseguida un gran predicamento entre os seus contemporáneos. Son numerosas as obras lite-

rarias e históricas que citan esta cerámica en termos eloxiosos, sobre todo despois das disposicións do Duque de Lerma sobre a necesidade que tiña a facenda pública de aforrar prata e, consecuentemente, o aumento no emprego de vaixela de cerámica por parte de nobres, plebeios, e mosteiros. Así, entre os seus mellores clientes contábanse a Casa Real e as ordes relixiosas que demandaban, tanto para o seu uso doméstico como para as súas boticas, gran cantidade de orzas e albarelos.

O albarello, bote típico de botica, emprégase desde moi antigo para conter medicinas líquidas ou

ta ó século XII, a súa época de maior esplendor foron os séculos XVI e XVII; é agora cando rompe coa tradición hispano-musulmana e ábrese ó mundo do renacemento e ás influencias da porcelana china. A finais do século XVIII as pezas perden as súas referencias cultas, gravados ou escudos, e os bos pintores abandonan os alfares, quizais para traballar en sederías e talleres que Carlos III potencia; a súa decadencia vaise acrecentar coa fundación da Real Fábrica de Alcora polo conde de Aranda.

A pesar de que o proceso desamortizador tivo unha importancia capital para a modernización de España e o saneamento da facenda pública, no que



ALBARELOS COS ESCUDOS DOS XESUITAS DE MONTERREI, OSEIRA E MONTEDERRAMO

semilíquidas, pero non sempre tivo este uso. É só dende o século XVIII cando se fai o seu uso exclusivo nas boticas, prohibíndose a súa utilización ós especieiros e barbeiros. Os máis antigos non levaban tapadeira, cubríanse con peles curtidas, teas de liño ou papel. As orzas empregábanse para conter raíces ou cortizas, pero o seu uso non é exclusivo das boticas.

Tecnicamente a pasta da cerámica de Talavera está ben trabada, cun barro lixeiramente rosado e unha boa cocción. As pezas van sempre esmaltadas cun baño de verníz que contiña unha gran proporción de estaño, o que lle proporciona o seu característico fondo branco. Aínda que a súa produción se remón-

se refire a conservación destes pequenos bens, moitas veces considerados inútiles polas Comisións de Amortización, non vai ser tan positivo. As vendas non controladas por parte dos propios monxes, a tardanza en recollelos, buscarlles un sitio idóneo, os distintos avatares de cada peza ... , vai significar moitas veces a súa perda. Só o afán e o celo dos membros da Comisión de Monumentos, creadas pouco tempo despois, vai facer que estes bens poidan formar parte do noso patrimonio e revirtan na sociedade civil, que era o que buscaba en si a desamortización, constituíndo en moitos casos os fondos iniciais dos Museos Provinciais.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

